

## **Colaboradores necesarios. A violencia machista institucional en Galiza**

Iria Vázquez Silva, Doutora en Socioloxía, experta en xénero

Comunicación presentada nas II Xornadas de Antropoloxía, organizadas por AGANTRO, Ferrol, 2019.

ivazquez@udc.es

### **1. Que é a violencia machista institucional?**

En primeiro lugar, realizarei unha primeira aproximación ao concepto de violencia machista institucional, tanto desde o eido lexislativo como académico.

Para achegar unha definición desde o eido lexislativo de violencia institucional, acudirei ao único estado que na súa Lei para o acceso das mulleres a unha vida libre de violencia, México, explicita e condea a violencia institucional, definíndoa do seguinte xeito:

“É sobre os actos ou as omisións de funcionarios/as de calquer orden governamental que discriminan ou teñen como propósito dilatar, impedir o gozo e exercicio dos dereitos humanos das mulleres, ben co seu acceso ao gozo de políticas públicas destinadas a previr, responder, investigar, punir e erradicar os diferentes tipos de violencia” (Lei Xeral para o Acceso das Mulleres á Vida Libre da Violencia, México, 2007)<sup>1</sup>.

Como vemos na anterior definición, o eixe deste concepto está posto na responsabilidade da administración e na súa negligencia cando non asegura o exercicio dos dereitos das mulleres. A Red Asistencia a Víctimas (RAV, 2009:16) proporciónanos unha definición académica de vitimización secundaria, que se ben non é específica para as mulleres en situación de violencia, resulta de utilidade para seguir clarificando este concepto:

“Denomínase vitimización secundaria porque pode constituírse nunha segunda experiencia de vitimización, posterior á vivencia do delito, se no contacto co

---

<sup>1</sup> Todas as citas que veñen orixinalmente en español foron traducidas ao galego pola propia autora.

sistema, o/a ofendido/a experimenta a sensación de recibir trato obxectivo; de descoñecemento da súa calidade de suxeito de dereitos; de perda de tempo e excesiva burocratización; de incredulidade por parte dos operadores do sistema e/ou simplemente de ser ignorado/a, entre outros” (Red Asistencia a Víctimas, 2009: 16).

É importante sinalar que a gravidade da violencia institucional enraízase nunha cuestión fundamental no caso da violencia machista. Hai que ter en conta que cando acontece violencia institucional, as mulleres reciben un trato inadecuado e inxusto por parte dunhas entidades das que elas esperan precisamente axuda e apoio. Temos que ter en conta que moitas mulleres denuncian a violencia logo de anos nesa situación, e xustamente que as propias institucións e servizos aos que acoden (e aos que teñen dereito) dubiden da súa palabra ou ata lle responsabilicen do acontecido, é dunha negligencia aberrante.

Ao longo desta comunicación detallarei diferentes tipos de violencia institucional: por unha banda, aquelas que teñen que ver coa lexislación e coa propia medición da violencia de xénero. É dicir, aquela violencia institucional que se deriva dunha visión moi limitada do que se concibe por parte do estado como “violencia de xénero”. En segundo lugar, analizarei a violencia institucional como un entramado de situacións discriminatorias a partir da análise de como é a atención a mulleres en situación de violencia (e as súas crianzas) en diferentes dispositivos, centrándome fundamentalmente nas forzas e corpos de seguridade e o eido xurídico.

As principais eivas detectadas teñen que ver coa ausencia de vontade política, na falla de persoal e na escaseza de formación feminista especializada.

## **2. A violencia machista institucional: da lexislación ás estatísticas**

Cal é a mensaxe que reciben as mulleres cando denuncian violencia? Pois a miúdo chocan contra un muro de estereotipos sexistas, que lles negan a credibilidade. Directamente, en moitas ocasións, non as cren.

A primeira traba é xa legal: a Lei 1/2004, se ben supuxo un avance no seu momento, arrastra o “grave problema” de limitar a violencia de xénero a levada a cabo pola

parella ou exparella das mulleres, en vez de concebir a violencia de xénero como aquela violencia que sofren as mulleres polo mero feito de selo. E ben, pensemos no seguinte caso real, dunha muller que sufriu unha agresión sexual por parte dun veciño e acode a Cruz Vermella para solicitar o teléfono Atenpro (subvencionado polo Minsiterio de sanidade, servizos sociais e igualdade), un teléfono de protección para vítimas de violencia que ante unha emerxencia, con pulsar unha tecla, é lanzada unha mensaxe á emerxencias. Esta muller comenta en Cruz Vermella a necesidade deste servizo, mais llo acaban denegando porque o seu “caso” non entra dentro da Lei 1/2004.

Por outra banda, existe outro eido de flagrante violencia machista institucional. Nin a Unión Europea nin o estado español nin as administracións autonómicas están a medir dun xeito fidedigno as violencias machistas. Certamente existen datos (desde 2003) dos asasinatos machistas, tal e como a Lei 1/2004 define (limitadamente) estes asasinatos: aqueles perpetrados polas parellas ou ex parellas das mulleres. Porén, e logo de escribirmos varias veces coa Delegación do Goberno para a violencia de xénero, non foron quen de asegurarnos que estean a realizar un seguimento de todos os casos que logo dun tempo tras as lesións, acaban na morte das mulleres por violencia; nin temos onde consultar a evolución destes casos. Segundo a Delegación do Goberno, estes datos non poden ser aportados públicamente porque vulnerarían a lei de protección de datos. Existen xeitos de anonimizar as vítimas, e precisamos coñecer os datos para entender a envergadura da violencia de xénero.

Por outra banda, máis aló das vítimas mortais, sería necesario ter acceso ao volume de mulleres que sufriron violencia machista no estado español, aínda tendo que asumir a estreita definición da lei 1/2004. Precisamos datos non só das mulleres que denuncian violencia, senon de todas as mulleres que sofren violencia, aínda que non denunciem. Para isto precisaríamos ter enquisas a nivel estatal, alo menos anuais, que recolleran este tipo de violencias. Lamentablemente, ate o momento, so se levaron a cabo dúas macroenquisas de violencia contra a muller: unha en 2011 e outra en 2015. Unha macroenquisa cada catro anos resulta totalmente insuficiente para avaliar a dimensión e a evolución da violencia machista no estado español. A macroenquisa de 2015 sinala por exemplo que hai un 65% de mulleres que teñen sido vítimas de violencia física e/ou sexual e das que nin a policía nin os xulgados teñen tido coñecemento; é dicir, a

vía maioritaria de saída para estas mulleres foi a separación e o divorcio, sen ter o apoio institucional ao que supostamente teñen dereito. Nestes casos, polo tanto, non hai rexistro da violencia sufrida, a non ser unicamente a captada por esta enquisa. Claramente, os datos oficiais subestiman (e moito) a dimensión da violencia cara as mulleres, e isto tamén é violencia institucional. O surrealista de todo é escoitar voces patriarcais da posverdade que falan das “denuncias falsas”, que falan da esaxeración dos datos dos asasinatos das mulleres, e resulta evidente, logo de revisar as estatísticas, a violencia machista é moito maior da que se rexistra, e non ao revés.

Porén, as críticas feministas, tal e como recolle acertadamente Carme Adán en *Feminicidio* (2018) van moito máis alá desta demanda de datos. Existe unha diferenza substancial entre a definición da Lei 1/2004<sup>2</sup> e a definición sociolóxica de violencia de xénero, que apunta a toda aquela violencia que sofren as mulleres polo mero feito de ser mulleres. A categoría conceptual de feminicidio vincula os asasinatos de mulleres e de nenas como violencia de xénero, incluíndo ademais a violencia institucional como parte do fenómeno mesmo (Lagarde, 2006). Este concepto é a que leva décadas poñendo sobre a mesa o movemento feminista para visibilizar unha violencia enraizada no sistema patriarcal.

Porén, o Portal Estatístico da Violencia de Xénero segue sen contabilizar a aquelas mulleres que coñecen a un home pola noite, a un home nunha viaxe, a un home nunha situación casual, e que son asasinadas nese contexto. O propio Observatorio, e o deixamos como idea, podía contabilizalas como casos de violencia machista, aínda que a Lei 1/2004 non as considere como tal. Ao fin e ao cabo, a Enquisa de Poboación Activa contabiliza que estas “empregada”, aínda que non teñas contrato de traballo.

O coñecido como o caso da Manada aconteceu un sete de xullo de 2016 en Pamplona, un caso no que cinco varóns foron sentenciados, como “abusadores sexuais” en vez de agresores, como denunciara a vítima. Este caso non foi tampouco procesado nun xulgado de violencia de xénero, dado que a vítima non tiña relación previa cos agresores. Porén, ambos casos son sociolóxicamente violencia de xénero, mais non se plasman nas estatísticas oficiais nin consecuentemente se poñen os recursos

---

<sup>2</sup> A lei Galega de 2007 si é máis ampla, pero o Observatorio estatal das violencia de xénero que recolle as estatísticas asume a definición da Lei 1/2004, é dicir define a violencia de xénero como aquela violencia exercida pola parella ou ex parella cara á muller (exista ou non convivencia).

necesarios para enfrontalos como violencia de xénero (non hai dereito a psicóloga, nin aos servizo socias para a recuperacións, nin axudas económicas específicas para a vítima, etc.).

Se queremos coñecer a dimensión real da violencia machista no estado español temos que acudir á web [Feminicidio.net](http://Feminicidio.net). Iremos comparar os datos. As cifras institucionais en 2018 constatan 47 mulleres (un caso en investigación) asasinadas por violencia de xénero e tres crianzas (catro crianzas están tamén en investigación). Mais, o portal [Feminicidio.net](http://Feminicidio.net) contabiliza 97 mulleres asasinadas e oito crianzas ao longo do ano 2018. Unha web por certo practicamente autoxestionada, e que fai varios anos estivo a punto de pechar por non poder asumir o mantemento do seu portal.

Pode parecer unha cuestión baladí, pero non o é. O que non se nomea, non existe. Podemos engadir que o que se oculta nas medicións, tampouco existe. Senon temos boas ferramentas de medición, non saberemos a dimensión real do feminicidio. É especialmente preocupante que non teñamos datos homoxéneos a nivel alo menos da Unión Europea; é dicir, que todos os países europeos midan de xeito homoxéneo a violencia de xénero. A enquisa máis recente na Unión Europea realizada para cada estado é de 2012 cuxos resultados foron publicados en 2014. En cambio, si temos datos rigurosos e definicións armonizadas para medir a calidade do emprego na Unión Europea cada tres meses. Esta escaseza de datos a nivel europeo imposibilitáanos facer comparativas rigurosas entre os estados; os poucos datos que temos nos obrigan ademais a ser cautelosas na súa interpretación. Segundo esta última enquisa europea (Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, 2014), en Suecia un 46% das mulleres maiores de 15 anos experimentaron algunha vez violencia física e/ou sexual; unha cifra que se reduce no estado español ao 22% das mulleres. Para interpretar estes resultados hai que ter en conta que en Suecia as mulleres manexan unha definición de violencia sexual máis ampla que unha boa parte da nosa sociedade (e da nosa lexislación): calquera acto sexual sen consentimento explícito é violación. A maior conciencia social sobre a violencia machista nos países nordicos explica en boa parte esta diferenza nos datos. Precisariamos máis e mellores datos para comprender as diferenzas entre os estados.

### **3. A atención ás mulleres e a violencia institucional**

### **3.1. Estratexia metodolóxica: a observación participante como protagonista**

Esta comunicación non pretende unha recollida de datos exhaustiva desde os paradigmas de investigación tradicionais. Os datos recabados para elaborar estes resultados son froito de dúas dimensións.

En primeiro lugar, traballei desde 2012 ata 2016 na asociación Rede de mulleres contra os malos tratos, unha entidade cunha longa experiencia na atención ás mulleres en situación de violencia. O traballo nesta asociación realizando acompañamentos coas mulleres aos xulgados, á comisaría e aos servizos sociais supuxo para min un antes e un despois na miña visión do tipo de atención que reciben as mulleres por parte das institucións. Estes acompañamentos, por resumir moito, tratan de evitar que se vulneren os dereitos das mulleres; é dicir, non consisten en intermediar coas institucións, senon de velar polo cumprimento dos dereitos das mulleres. O meu traballo como acompañante foi unha plataforma especialmente interesante para a realización dunha observación participante continuada, onde únicamente intervía coas institucións nos momentos nos que se daba calquera tipo de vulneración de dereito ou violencia sutil cara as mulleres. Na asociación tiñamos un protocolo para realizar os acompañamentos tras a formación cunha psicóloga clínica da propia entidade, que básicamente se pode sintetizar na realización de escoita activa, seguir o propio ritmo das mulleres, e respectar en todo o momento as decisións que elas toman en cada intre. Certamente, ábrese un debate epistemolóxico relevante, con respecto a se os acompañamentos son “observacións participantes” en *strictu senso*, a pesar de que non estaban planificadas desde un enfoque de investigación académica. Porén, o rexistro dos casos e das vulneracións dos dereitos das mulleres, así como a presenza continuada nun segundo plano que propician os acompañamentos, e miña formación sociolóxica, me situaban nun lugar privilexiado para realizar estas observacións sobre o terreo.

Por outra banda, moitas das voces que irán resoando ao longo destas páxinas son froito da miña participación en diversos estudos, xa desde unha perspectiva sociolóxica máis académica. En primeiro lugar, grazas a miña colaboración co proxecto

“Racionalización lingüística do traballo” da Universitat Rovira i Virgili (2012-2015)<sup>3</sup> puiden reunirme con diversas forzas de seguridade que operan en Galiza e tamén coas persoas responsables de teléfonos de emerxencia e de atención a vítimas na comunidade galega. Posteriormente, participei en dous estudos sobre o tratamento institucional que reciben as mulleres en casos de violencia. Por unha banda, colaborei nunha diagnose na cidade da Coruña, a través dun proxecto dirixido polo Centro de Estudos de xénero e feministas (CEFEX) da Universidade da Coruña e dirixido pola profesora Rosa Cobo Bedía en 2016. Por outra banda, desde 2017 e ate a actualidade colaboro tamén nun grupo de traballo denominado “Infancia e adolescencia: unha cara oculta da violencia de xénero”; un grupo interdisciplinar dirixido pola profesora da Universidade de Vigo María M. Álvarez Lires.

No marco destes proxectos, realicei 25 entrevistas en profundidade, tal e como se pode consultar na seguinte táboa. Tentei representar diferentes eidos de atención, abríndome tamén a unha certa diversidade territorial. Todas as entrevistas foron gravadas.

Táboa 1. Entrevistas realizadas

Servizos sociais	Forzas e corpos de seguridade do estado e Teléfonos Emerxencia	Eido xurídico	Mulleres en situación de violencia
Coordinadora da Casa de Acolida A Coruña	Policía local A Coruña	Asociación Avogad@s Nov@s Vigo	Muller residente en A Coruña, tres fillos/as.
Coordinadora CIM A Coruña	Garda civil EMUME-Pontevedra	Oficina atención vítimas, Vigo	Muller residente en A Coruña, dous fillos/as.
Psicóloga CIM Vigo	Inspector xefe da Policía Nacional Vigo	Oficina atención vítimas, Ourense	Muller residente en Vigo, unha filla.
Psicóloga CIM Ourense	Operador do 092 da Policía Local de Vigo	Ilustre Colexio avogacía, A Coruña	
Técnica Secretaría CIG Mulleres, A Coruña	Inspector Comisaría Policía Nacional Vigo	Ex-traballadora do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) Vigo.	
Subdirectora de Igualdade da Xunta de Galicia	Operadora de Tfn vítimas en Galicia.		
Coordinadora e T.S. Rede de mulleres	Coordinador 112 Galicia.		
Terapeuta Arquitectos sen fronteiras, A Coru.			
Técnica Programa Muller Cruz Vermella.			
Técnica Fundación Meniños, A Coruña.			

<sup>3</sup> Racionalización lingüística do traballo, financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade (FFI2012-33316) e dirixido por Amado Alarcón Alarcón.

Fonte: elaboración propia, a partir do traballo de campo

Un especial agradecemento ás tres mulleres en situación de violencia que a título persoal quixeron transmitir a súa experiencia, esperando que esta información poida servir para mellorar o trato das institucións.

Nesta comunicación decidin centrarme en dous eidos de atención: as forzas e corpos de seguridade e o eido xurídico. Dado os problemas de espazo, decidin priorizar aqueles ámbitos que máis salientaron as entrevistadas en situación de violencia como protagonistas na súa dobre vitimización.

### **3.2. As forzas e corpos de seguridade. Unha primeira acollida clave**

Ao longo destas páxinas irei relatando algúns episodios que nalgunhas comisarías galegas xa ficaron felizmente atrás, mais que noutras comisarías ou cuarteis seguen sendo o habitual. Hai que recoñecer que moitas das melloras foron introducidas pola presión das organizacións feministas, que se plasmaron incluso en cambios legislativos. Por poñer un exemplo: cando comecei en 2012 a facer acompañamentos non me permitían entrar coa muller a poñer a denuncia, a pesares de que ela así o solicitara. Hoxe, grazas ao Estatuto da Vítima de 2015, a muller se así o desexa pode entrar acompañada a denunciar. É claro que este Estatuto supuxo un importantísimo avance para detectar vulneración de dereitos.

En primeiro lugar, unha das cuestións máis urxentes nas que hai que intervir ten que ver coa recollida de denuncias de violencia. Que se pode mellorar nas comisarías e nos cuarteis? Velaquí o seguinte exemplo. Acompaño a unha muller, vítima dunha agresión; chegamos á comisaría- neste caso da policía nacional en Vigo-, ela comenta no mostrador que quere poñer unha denuncia por violencia de xénero e nos mandan á sala de espera. E ben, a sala está bastante concurrida; escoitas falar a un pai co seu fillo, que lle roubaron o mobil na praia, mentres van chegando máis persoas, abultando o turno de agarda. Logo de dúas horas e media alí sentadas, entramos na habitación onde se poñen as denuncias. Dúas mesas, separadas por un mini- cristal, pouca privacidade, e un dos policíaos convídanos a sentar fronte a el. A muller comeza a explicar que quere interpoñer unha denuncia por violencia por parte da súa ex parella.



Nese momento, o policía lle da un papel cos “dereitos como vítima de violencia de xénero”, entre eles, que che asista un avogado ou avogada de oficio. O policía comenta que se quere esa asistencia (é importantísima para poder redactar ben a denuncia), el ten que chamar para que manden ao/á letrado/a que estea de guarda, e que pode tardar en chegar unha hora ou máis. A muller di que non quere esperar tanto, que quere poñer xa a denuncia e marchar da comisaría, que ten medo de que o agresor poida aparecer pola comisaría. Finalmente, agardamos unha hora máis, esperando esta vez na sala onde se renovan os carnés de identidade (supostamente por seguridade), e a muller pon despois de tres horas e media, a denuncia coa asistencia letrada.

Hoxe, no ano 2019, segundo a policía nacional de Vigo, xa dan prioridade aos casos de violencia de xénero. Mais, en moitas outras comisarías de Galiza e do estado español, a falla de prioridade das mulleres adoita ser a norma. Ese tempo de espera pode facer que as mulleres marchen da comisaría sen poñer a denuncia por moitos motivos, e un deles é o medo, moi real, a atoparse co agresor. Nalgúns casos, este dobre tempo de espera fai que renunciem á asistencia letrada para poñer a denuncia. A cuestión é que se a muller non ten esa asistencia, a denuncia non queda igual de ben redactada, porque os e as avogadas saben que hai que recoller todos os episodios de violencia acontecidos, o máis detallados posíbel- e non so os máis graves-. Como sinala Luisa Velasco (2015), inspectora de policía local de Salamanca xa retirada, cando unha denuncia é concreta e detallada, iso é un balón de osíxeno para a vítima. Ademais, se ao día seguinte se produce o coñecido como “xuízo rápido” nos xulgados (declaracións para que se decidan as medidas cautelares, como a necesidade ou non de orde de protección), o letrado ou letrada da quenda de oficio xa coñece o caso, o cal é unha ventaxa relevante.

En fin, as forzas de seguridade deberían sempre dar prioridade aos casos de violencia de xénero, sabendo o dobre tempo de espera que teñen por diante as mulleres. Tampouco estaría de máis que na sala de espera houbera cartaces cos dereitos que posúen as vítimas de violencia, que a miúdo son descoñecidos por elas.

Para rematar co eido policial, é necesario falar da formación especializada en igualdade dos corpos e forzas de seguridade. É evidente que é precisa a formación en igualdade para saber recoller unha denuncia, para non caer nunha dobre vitimización,

para saber realizar un acompañamento coas mulleres... e tamén é necesaria formación en igualdade para atender un caso na rúa ou nunha casa para recoller un atestado xusto. A que me refiro con esto último? Pois que como me comentaba durante a entrevista un policía local da Coruña, o completo e detallado que sexa un atestado, é dicir, que explicita se hai obxectos rotos, golpes nas portas, etc. será unha información crucial no xuízo. Hai que ter en conta que se unha muller chama a emerxencias ao sufrir unha agresión, vai achegarse o coche da policía que estea máis perto, e pode ser calquera patrulla a que recolla o atestado, e non as unidades especializadas en violencia.

En síntese, todas as persoas que poidan ter contacto con mulleres vítimas deberían ter unha formación básica en igualdade. Porén, incluso a formación nas forzas especializadas resulta insuficiente. O EMUME (equipo menores e mulleres da Garda Civil), a Unidade de Familia e Muller (UFAM) da Policía Nacional ou as unidades das distintas policía locais reciben unha formación inicial de unha ou varias semanas, chegando a un mes no caso da UFAM, que efectivamente adoita ser a unidade máis formada. A día de hoxe, os Estudos de Xénero non son considerados “suficientemente importantes”. O propio persoal da policía que aposta pola igualdade, pide máis formación. Nunha entrevista de Olaia Rodil (19/01/2016) a Alejandro Gómez, especialista en violencia de xénero do SUP (Sindicato Unificado de Policía), este denunciaba que os cursos de formación policial eran só de cinco mañás en Madrid, que se gastan fundamentalmente en coñecer o funcionamento do VIOGÉN, o sistema que valora o risco que posúen as mulleres. O certo é que segundo me confirmaron na Policía Nacional a formación da UFAM aumentou a un mes, mais segue a ser insuficiente. Este especialista en violencia tamén salienta que segue fallando a coordinación entre administracións, e resulta moi preocupante a descoordinación entre as forzas de seguridade e os servizos sociais que atenden ás mulleres.

### **3.3. Se é machista, non é xustiza**

A xustiza é un dos ámbitos máis opacos a analizar. Non resulta sinxelo entrevistar a avogado/as, xudicatura, equipos forenses, colexio da avogacía, etc. De feito, a día de hoxe, sigo esperando tras múltiples contactos, chamadas, correos electrónicos e visitas

aos xulgados, poder falar con algunha persoa do equipo forense dos xulgados, o Instituto de Medicina legal de Galiza (IMELGA). Certamente, este ámbito estivo tradicionalmente moi distanciada da sociedade, que se reflicta ata na linguaxe que empregan, na posta en escaea dun xuízo... Mais hoxe en día precisamos espazos interdisciplinares de comunicación entre a socioloxía, a antropoloxía, o dereito, os estudos de xénero, etc. para ser capaces de detectar e corrixir as eivas e nesgos machistas, e construír unha xustiza que deixe de reproducir as desigualdades sociais. Iso nos obriga tamén ás persoas que non somos do eido xurídico a comezar a familiarizarnos con el, a ler as sentenzas, os dictámenes, os cambios lexislativos, etc. E temos que ir máis alá das sentenzas, precisamos visibilizar o que acontece ao longo de todo o laberinto xurídico, para ir destapando todas as eivas que están reproducindo o machismo nos xulgados; eivas que desaniman a moitas mulleres para continuar coa denuncia.

É claro que a xustiza é un reflexo da sociedade. Se esta é machista e ten nesgos sexistas, a xustiza tamén. A cuestión é que este nesgo machista neste ámbito posúe unha gravidade específica, dado que a avogacía, a xudicatura, etc., e todas as persoas que interactúan no proceso, tamén chamados “operadores xurídicos”, posúen un poder inmenso no camiño de reparar o dano ás vítimas ou caer, pola contra, en afondar nunha dobre vitimización das mulleres.

En realidade, como xa sinaléi antes, a propia lexislación sobre violencia de xénero é moi mellorable no estado español. Sen embargo, voume centrar aquí en como se aplica esa lexislación, en como é o proceso laberíntico que se abre cando unha muller denuncia violencia de xénero.

E ben, cales son as eivas principais que se detectan no día a día? A partir dos meus acompañamentos, destacaría as seguintes: ausencia de privacidade da vítima, falla de protección para non atoparse co agresor, un cuestionamento habitual do seu testimonio, unha sensación de desamparo e soidade, e por último a falla de responsabilidade da xustiza ante os seus propios nesgos machistas.

Ao igual que no eido policial, nos últimos anos se deron melloras, sobre todo a partir da entrada en vigo do Estatuto da vítima (Lei 4/2015), a partir do cal podemos acompañar ás mulleres nas distintas etapas xudiciais e se crearon oficinas de atención (con psicólogos/as) para todo tipo de vítimas nalgúns xulgados. Aprobouse tamén o

Real Decreto Lei 9/2018 do 3 agosto, a partir do cal se amplía a tutela xudicial das mulleres, flexibilizando cando se poden personar as mulleres no proceso xudicial, e que non so o Colexio de avogacía, senon tamén o de procuradores, adopten medidas para a designación urxente de procuradores/as de oficio nos procedementos de violencia de xénero.

Comezarei co laberinto xudicial. Como chegan as mulleres aos xulgados e a que tipo de xulgados van os casos de violencia? A maioría das mulleres denuncian nas comisarías, e unha vez que existe unha denuncia, o caso pasa aos xulgados. En función da vila galega onde se dea o caso, pode que vaia a un Xulgado de violencia sobre a muller (so existen en Vigo e A Coruña), ou no resto do casos a un xulgado do penal que asume casos de violencia de xénero.

E ben, logo de interpoñer a denuncia recibes unha notificación para presentarte nos xulgados para declarar no que coloquialmente se chama o xuízo rápido (onde se toman as “medidas provisionais” como a necesidade ou non de orde de protección, réxime provisional de visitas para as crianzas, etc.). Poden citarte por exemplo ás 9,30 da mañá para declarar. Porén, é habitual que teñas que esperar catro ou cinco horas nos xulgados, en función da saturación e o tipo de casos que entren ese día no xulgado. Os xulgados de violencia están saturados, non hai persoal suficiente para atender o volume de casos.

Neste tempo de espera existen importantes deficiencias, sobre todo con respecto á privacidade das mulleres e o risco de atoparse co agresor. En Vigo existe unha sala de espera para vítimas e outra para os maltratadores, pero están contiguas, polo que se pode coincidir no corredor co agresor ou cos seus familiares (isto último é máis habitual). Por outra banda, no xulgado de violencia da Coruña so hai sala para vítimas, e os homes agardan fóra, no corredor.

O certo é que en vilas onde non existen xulgados de violencia a situación aínda é peor, e tes que esperar nun mesmo corredor xunto ao agresor, producíndose unha situación clara de dobre discriminación para as mulleres que residen en vilas. Por exemplo, cando realizaba un acompañamento no xulgado do penal de Tui por un caso de violencia, tivemos que sentarnos nun banco do corredor antes de declarar, mentres o agresor e os seus familiares estaban noutro banco do mesmo corredor. O único que podía facer eu era interpoñerme no medio para evitar, alomenos, que o home cruzara

a súa ollada coa muller. As leis de violencia falan moito da suposta “equidade territorial”, é dicir que non sexas discriminada por vivir nunha zona rural ou nunha vila pequena; hoxe en día é papel mollado. Facendo acompañamentos é evidente que se a situación é mellorable no eido urbano, no ámbito rural é desesperante.

Continuemos co proceso. Unha vez que estas na sala de espera e chega a túa avogada ou avogado, comeza a preguntarche polas probas, polas conversas do whatsapp, se hai un parte de lesións, etc. diante do resto de persoas que hai na sala, sen ningunha atención á privacidade das mulleres. Mentres acompañaba a unha muller, entrou na sala de espera unha veciña do meu barrio, saudámonos, e non puideron evitar escoitar como ela tiña que ir relatando a súa avogada todos os detalles do maltrato do seu ex, alí mesmo, diante de todas as persoas que estabamos na sala de espera. Non é lóxico que se usen os corredores ou este tipo de salas de espera para as reunións entre as vítimas e os/as avogados/as; ter que expor a túa intimidade deste xeito en público é un exemplo máis de violencia institucional. Neste senso, é necesaria unha sala para as reunións entre letrados/as e vítimas, cun tempo de calidade para a súa comunicación. Isto tamén nos leva a reflexionar sobre as condicións laborais do turno de oficio, que permitira unha maior dedicación a este tipo de casos.

Ademáis, nesa espera que pode demorar horas, os xulgados non teñen previsto ningunha medida de conciliación, o que xera situacións novamente surrealistas. Por exemplo, acompañei a unha muller que foi citada nos xulgados de violencia de Vigo ás 9,30 horas e eran as 14,00 horas e aínda non fora citada para declarar. Ela estaba moi nerviosa porque tiña que recoller ao seu fillo na escola ao mediodía, e non tiña como solventar o asunto, e evidentemente, nesta situación non podía chamar á familia do agresor para recollelo. Tivo que avisar a varias amigas para que lle axudasen. Estas condicións fan difícil prestar unha declaración dun xeito tranquilo e con serenidade. Se a crianza é pequena e non vai aínda a escola, pode que teña que ir coa nai, e non hai nos xulgados ningún espazo habilitado para crianzas. Os servizos sociais e os propios Xulgados de violencia sobre a muller deberían ter en conta esta cuestión, ofrecendo un servizo de canguros ás mulleres para poder declarar coa tranquilidade necesaria. É claro que no noso contexto a conciliación continúa recaendo, na súa maioría, sobre as mulleres, e isto non debe obviarse nun xulgado, precisamente, de violencia de xénero.

Nos xulgados de violencia continúan a fallar moitas cousas. Algunhas delas precisan orzamento, outras só un pouco de sensibilidade e vontade. Humanizar as salas de espera, que haxa unha máquina de auga e café, ou ter un espazo para crianzas son medidas que paliarían dun xeito importante a dobre vitimización.

Máis aló das precarias condicións de espera, existe un punto especialmente grave e que se atopa no epicentro deste laberinto xurídico: moitas mulleres son cuestionadas dun xeito cotiá nos xulgados. Unha das eivas máis graves é a valoración da violencia psicolóxica. Se ben este tipo de violencia é recollida pola Lei 1/2004 contra a violencia de xénero, a súa avaliación non se está a realizar coas garantías adecuadas. E como consecuencia non se está intervindo ante as primeiras sinais de alarma, que poderían ser a chave na prevención de asasinatos por violencia de xénero.

Explicarei brevemente como se realizan as valoracións forenses. Nos xulgados, as mulleres presentan as súas probas (parte de lesións, valoración dunha psicólogo/a particular ou de servizos sociais, un informe da médica de familia, etc.); sen embargo, a parte contraria ou o xuíz ou xuíza poden pedir a valoración do Instituto de Medicina de Galicia (IMELGA), un equipo forense dependente dos propios xulgados composto por psicólogo/a, traballador/a social e médico/a. A cuestión sorprendente é que para traballar neste servizo non se require unha formación especializada cun número de horas mínimo en violencia de xénero. As persoas que traballan no IMELGA pódense formar posteriormente, pero para poder traballar de interino/a neste instituto non existe a obriga de ter esta formación específica, senon que será un mérito máis a engadir, e nos consta que existen moitas eivas nas valoracións, sobre todo aquelas relacionadas coa violencia psicolóxica. Unha ex traballadora do Imelga comenta que un dos fallos do sistema é a escasa avaliación da violencia psicolóxica, un eido no que participan nalgúns xulgados o persoal médico, que no caso que ela relata non , persoal que non ten ningunha formación na análise da pegada que deixa a violencia psicolóxica nas mulleres.

Esta falla de credibilidade e a continua sospeita sobre os feitos que relatan as mulleres é unha das cuestións máis graves no ámbito xurídico. Octavio Salazar (2017) sinala que hai unha tendencia clara a non dar credibilidade ao testimonio das mulleres, tanto no eido da xustiza como no resto da sociedade, e que isto xoga en contra das mulleres nos xulgados.

A envergadura do machismo na xustiza é tal, que precisamos un cuestionamento total do sistema e unha análise en detalle de que tipo de formación en igualdade reciben na avogacía, xudicatura, etc. e deixar atrás “tiritas *expres*” que tentar lavar a cara dun sistema que precisa unha revisión completa e estrutural. Por exemplo, como xa sabemos, existe un turno de oficio de violencia de xénero para a avogacía que leva este tipo de casos. Pero é unha tiritita. Este curso (alo menos en Galiza) consta entre dous ou tres días (moi escaso) e so se centra nos aspectos legais do proceso, sen aportar formación sobre cuestións psicolóxicas ou sociolóxicas sobre a igualdade e a violencia de xénero. O propio Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña, sinala que se debe fortalecer a formación no eido da psicoloxía, para formar aos avogados/as na mellora do trato coas vítimas e empatizar coa situación que están a vivir. Hai que sinalar que esta é unha demanda realizada tamén desde asociacións profesionais a nivel galego.

Por outra banda, o Poder Xudicial anunciou o primeiro curso obrigatorio sobre “perspectiva de xénero” a principios de 2019; un curso destinado a maxistrados/as e fiscais de dous meses *on line* (neste caso creo que sería preferible presencial, dada a gravidade do asunto) e obrigatorio para acceder a calqueira especialidade xurídica. Porén, aínda non se realizou esta formación. O proceso vai moi lento, se temos en conta que na Lei 1/2004 xa aparecía a necesidade desta formación en igualdade, pero houbo que agardar quince anos para que comecen a plantexala.

Por outra banda, a violencia doméstica e de xénero é unha nova especialidade nos mesmos termos que o son as especialidades de Menores ou Mercantil, por iso os xuíces e xuízas que queiran especializarse deberán acreditar o seu coñecemento na materia. A cuestión é que isto non ten un carácter retroactivo, e todas as persoas sen formación en xénero e que teñan xa praza nos xulgados de violencia, non están obrigadas a realizar especialización nesta materia.

En definitiva, que os pasos son demasiado tenues e lentos, e non están chegando a toda a cadea xurídica. E senon chega a todos os eslabóns, vanse encadeando fallos e revitimizacións cotiás. Ao final, estanse formando os e as profesionais máis motivadas coa igualdade, pero isto non resolve o nesgo sexista.

Continúa existindo un baleiro de formación especialmente grave e do que aínda non falei: a ausencia de formación nos e nas intérpretes de linguas nos xulgados. É dicir,

cando unha muller non fala nin galego nin castelán, se fai necesario o traballo dunha persoa intérprete, que a asista lingüísticamente. Nesta situación, como recollen Pérez e Casado- Neira (2015) o/a intérprete é clave para que a muller poida facer uso dos seus dereitos e obter unha protección adecuada; constitúe o enlace comunicativo imprescindible. Algunhas mulleres inmigrantes desconfían do que algúns intérpretes poidan ter trasladado ao tribunal, xa que son persoas que non teñen formación en igualdade e algúns deles teñen prexuízos claros sobre a violencia (Naredo, 2011:180). Existe unha falla de formación especializada e regrada por parte das persoas que habitualmente realizan esta interpretación, que tamén deberían posuír unha maior formación no eido xurídico e de violencia de xénero.

En realidade, como no caso da policía, o lóxico sería esixir formación previa (como requisito obrigatorio e cun número de horas mínimo) para todas as e os profesionais que poidan ter contacto con vítimas de violencia. E tomarnos en serio a formación significa non esperar que 30 horas de formación *on line* poden solventar os baleiros que hoxe temos.

Para rematar este apartado vou facer mención ao caso de Ángela González Carreño, un caso que sintetiza a violencia institucional no eido xurídico. O Tribunal Supremo fixo pública o 17 de xullo de 2018 unha sentenza (por fin), na que recoñecía a responsabilidade do Estado na desprotección que sufriron Ángela e a súa filla, Andrea. Para chegar a esta sentenza tiveron que pasar 15 anos. Foi o 24 de abril de 2003 cando Andrea, de sete anos, foi asasinada nunha visita non vixiada polo seu pai, un agresor condeado por malos tratos. Ángela presentara ata esa data, 51 denuncias tentando impedir os encontros sen vixilancia entre o pai maltratador e a súa filla, así como varias peticións de ordes de protección no que se incluía a súa filla. Todo foi denegado. Despois do asasinato, Ángela presentou ante o Ministerio de Xustiza unha reclamación de responsabilidade patrimonial do Estado por funcionamento anormal da Administración de Xustiza. Alegaba que este asasinato podía terse evitado se se tivera mantido o réxime de visitas con vixilancia, inicialmente estrablecido e modificado por un xulgado de Navalcarnero (Madrid). Consecutivamente, o Ministerio de Xustiza, a Audiencia Nacional, o Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional denegaron a súa reclamación por danos morais ante tal negligencia. Tivo que ser unha ONG, Women's Link Worldwide quen apoiou a Ángela para levar o seu caso á CEDAW (Comité sobre a



eliminación de toda forma de discriminación contra a muller da ONU), onde si atopou amparo, e que emitiu o Dictame do 16/07/2014 no que concluía a necesidade de reparación integral para Ángela. En síntese, neste Dictame, a CEDAW recoñece como se desprotexeu a nena, vendo na xustiza española “un patrón de actuación que obedece a unha concepción estereotipada do dereito de visitas baseado na igualdade formal que, no presente caso, outorgou claras vantaxes ao pai a pesar da súa conducta abusiva, e minimizou a situación de nai e filla como vítimas de violencia, colocándoas nunha situación de vulnerabilidade” (CEDAW, 2014:17). É dicir, que nocións estereotipadas conduciron a non cuestionar o rexime de visitas do pai nun contexto de violencia de xénero. Este dictame recoñece que os Estados teñen a obriga de “investigar a existencia de fallos, negligencias ou omisións dos poderes públicos que puideran ter ocasionado unha situación de desprotección das vítimas. O Comité considera que, no presente caso, esta obriga non se cumpríu”(CEDAW, 2014:19).

#### **4. Conclusións: a masculinidade hexemónica a debate**

Ás veces, as persoas que estamos nos servizos sociais, nas asociacións, ONGs, no “terreo”, nos quedamos no “urxente”. É dicir, estamos tentando sinalar as deficiencias da policía, a falla de persoal nos servizos sociais, ou que no turno de violencia da avogacía non teñen formación en igualdade... mais unha cousa non podemos perder de vista, debaixo do urxente está o patriarcado. Temos que ter claro que o foco ten que poñerse nunha masculinidade hexemónica que emprega a violencia contra todo o que considera que é inferior (fundamentalmente as mulleres e as crianzas). Mentres non enfrontemos esa masculinidade, isto non vai mudar. A antropóloga Rita Segato nos pon sobre aviso ante a “pedagogía da crueldade” que caracteriza á masculinidade hexemónica, unha masculinidade que se caracteriza polo “mandato” de exercer a violencia contra as mulleres, e onde os agresores teñen como socios aos seus pares, á fraternía masculina, unha relación entre varóns que debemos analizar polo miúdo (Segato, 2003). A violencia machista non é consecuencia de patoloxías individuais: son fillos sans do patriarcado. Porén, esa fraternía masculina opera tamén a nivel institucional, onde o cuestionamento das voces das mulleres e as crianzas é cotiá.

Así, esta comunicación aborda o urxente, pero non quere esquecer o realmente importante: mentres non se deconstrúa esa masculinidade hexemónica estaremos moi lonxe de vivir nunha sociedade igualitaria e libre de violencias. Unha masculinidade que se constrúe contra as mulleres (contra as exparellas, contra as mulleres que se saen do que eles consideran “boas mulleres”, contra as mulleres libres...); unha masculinidade hexemónica que é colectiva, mais que se executa dun xeito individual, e que se caracteriza pola dominación, que esixe competitividade ante os varóns e que emprega a agresividade para manter os seus privilexios, tanto no espazo público como no privado. Así, aínda que hoxe esta publicación pretende visibilizar e mudar a violencia machista institucional, as luces longas están postas no desexo de destruír as relacións de poder que sosteñen o patriarcado, e que xerarquizan unhas identidades sobre outras (home/muller, adulto-a/crianza, heterosexual/homosexual...), un sistema que mantén e naturaliza os privilexios asociados a estas identidades (Garrido, 2019).

#### **BIBLIOGRAFÍA:**

Adán, Carme (2018). *Feminicidio*, Vigo: Galaxia.

Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2014): Violencia de género contra las mujeres: una encuesta a escala de la UE. Resumen de las conclusiones, Luxemburgo: Oficina de Publicaciones de la Unión Europea.

CEDAW, Dictame 58º periodo de sesións CEDAW C58/d/47/12. Dispoñible en: <http://web.icam.es/bucket/Dict%C3%A1men%20CEDAW%20%C3%81ngela%20Gonz%C3%A1lez%20Carre%C3%B1o.pdf>

Garrido, C. (2019): “Ideología patriarcal y revictimización institucional de las víctimas de violencia de género” en *Servicios Sociales y Política Social. Violencias machistas*, nº116, pp. 63-78.

Izquierdo, M. J. (2007): “Estructura y acción en la violencia de género” en Maria Dolors Molas (ed.): *Violencia deliberada. Las raíces de la violencia patriarcal*, Barcelona: Icaria, pp. 223-234.

Red de Asistencia a Víctimas, REV (2009). Manual de capacitación en temas victimológicos para profesionales, técnicos y funcionarios policiales de la Red. Santiago de Chile, Ministerio de Interior. Disponible en: [https://cesfamsi.files.wordpress.com/2010/03/manual\\_de\\_capacitacion\\_en\\_temas\\_victimologicos.pdf](https://cesfamsi.files.wordpress.com/2010/03/manual_de_capacitacion_en_temas_victimologicos.pdf) (consulta: 27/05/2016).

Lagarde, M. (2006): "Del femicidio al feminicidio", *Desde el Jardín de Freud*, nº6, Bogotá: Universidad Nacional de Colombia, pp. 216-225.

Naredo, M. (2011): "Violencia de género y mujeres migrantes" en J. M. Pérez e A. Escobar (coords.): *Perspectivas de la violencia*, Madrid: Editorial Grupo 5, pp. 169-184.

Pérez, S. e Casado- Neira, D. (2015): "Las dimensiones de la violencia de género: más allá de "puertas adentro", en C. Toledano e M. Del Pozo (eds): *Interpretación en contextos de violencia de género*, Toledano, Valencia: Tirant Humanidades, pp. 20-47.

Rodil, O. (19/01/2016): "Os cursos de formación sobre violencia de xénero son de cinco mañás", en Sermos Galiza: <https://www.sermosgaliza.gal/articulo/social/cursos-formacion-violencia-machista-son-manas/20160118205100044154.html>

Salazar, O. (2017): "Género, poder y ciudadanía", *Cuadernos Manuel Giménez Abad M 5*, Febreiro 2017, pp.58-74.

Segato, R. (2003): *Las estructuras elementales de la violencia. Ensayos sobre género entre la antropología, el psicoanálisis y los derechos humanos*, Buenos Aires: Universidad Nacional de Quilmes.

Velasco, L. (2015): *Violencia de género. Rompe tu silencio. Manual práctico para afrontarla y detectarla*, Valladolid: Libertas.